



FOUCIÑO

Suplemento informativo especial do Sindicato Labrego Galego

A Xunta permite abrir os mercados de proximidade dende o 4 de maio grazas a unha campaña apoiada por un cento de organizacións na Galiza

Dende que se impuxo o estado de alarma, o Sindicato Labrego Galego desenvolveu un intenso traballo dirixido a que as administracións reabrisen os mercados labregos, tanto a nivel galego como estatal.

Durante este tempo, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, estivo en contacto directo permanente co conselleiro de Medio Rural, José González. Esta campaña, que ao comezo conseguiu ao redor duns cen apoios de organizacións e colectivos galegos e estatais, conta agora mesmo con máis de 700 organizacións detrás dela.



Tras máis dun mes de accións, ao día seguinte de denunciar a prohibición diante da Valedora do Pobo, Medio Rural cedía e anunciaba a reapertura dos mercados a partir do 4 de maio.

De seguido, resumimos a campaña:

Cronoloxía da campaña

18 de marzo

▶ O Sindicato Labrego Galego **solicita á Consellaría de Medio Rural a reapertura dos mercados** de proximidade na Galiza.

27 de marzo

▶ O Sindicato Labrego Galego fai público un **manifesto a favor da reapertura dos mercados de proximidade**, conseguindo o apoio de case 100 organizacións e colectivos da Galiza. Podes ver o manifesto e a lista de apoios en: [Manifesto Mercados COVID](#) A postura da Consellaría de Medio Rural foi a de acatar a prohibición, pasándolle a pelota ao Ministerio de Agricultura.

4 de abril

▶ Unha **carta dirixida ao Ministerio de Agricultura solicitando a reapertura dos mercados de proximidade e medidas de apoio á pequena agricultura** acabaría conseguindo máis de 700 apoios, entre os que se inclúen organizacións e platafor-

mas de ámbito estatal. Cómpre subliñar que o SLG foi unha das principais organizacións á hora e dinamizar e desenvolver esta campaña.

Ao pouco, a campaña conseguía que gobernos como os de Cataluña e Euskadi regulasen os mercados de proximidade e permitisen a súa apertura nos seus territorios baixo estritos controis e medidas de seguridade sanitaria.

8 de abril

▶ **O Ministerio de Agricultura desenténdense da petición argumentando que é o Ministerio de Sanidade e Consumo o que ten competencias na materia.** Mentres que Sanidade se desentendeu tamén desta petición, argumentando que a competencia correspondía ao Ministerio de Industria e Comercio; dende Consumo escoitóusenos e convocóusenos a unha xuntanza.

15 de abril

▶ Diante da reapertura dos mercados de proximidade en Cataluña ou Euskadi, e sabendo que outras comunidades como Baleares xa os regularon dende o comezo do estado de alarma, o SLG elaborou e presentou diante de Medio Rural un **protocolo para regular e autorizar os mercados na Galiza**. A Xunta, escudándose na prohibición da Delegación do Goberno, volveu pedir autorización por segunda vez ao Ministerio de Agricultura. Podes velo en: [Protocolo Mercados COVID](#)



17 de abril

▶ **A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, participa nunha xuntanza co secretario xeral de Consumo do Ministerio, Rafael Escudero.** Formou parte dun grupo de cinco mulleres que representaron as máis de 700 organizacións que apoian a campaña. Nesta reunión, conseguimos o compromiso de levar a cuestión ao Consello de Ministros e Ministras. A maiores, tamén asumiron a tarefa de realizar un traballo específico dende Consumo, en colaboración con Sanidade e Agricultura, para potenciar a alimentación saudable en base a produtos locais e provenientes da agricultura a pequena escala. Para levar a cabo a nosa petición, dixéronnos que van reformar a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) para que atenda este tipo de demandas.

27 de abril

Relánzase de novo a campaña estatal diante da falta de resposta da Administración e da desigualdade de trato e acción dependendo da comunidade autónoma.

29 de abril

O SLG rexistra diante da **Valedora do Pobo** unha queixa para forzar a resolución do grave problema que supoñía para miles de familias labregas teimar coa prohibición dos mercados de proximidade. Ademais, tamén se fixeron duras **críticas contra unha campaña propagandística da Xunta**, esixindo a retirada dun spot para televisións no que se amosaban os supermercados como substitutos de feiras e feiróns.



30 de abril

A Consellaría de Medio Rural anuncia a reapertura dos mercados alimentarios de proximidade na Galiza, baixo un estrito protocolo de seguridade sanitaria, a partir do 4 de maio.

Que pediamos nesta campaña?

Entre outras medidas, pedimos:

- ▶ **Reapertura dos mercados alimentarios de proximidade** baixo estritos protocolos sanitarios que garantan a saúde das persoas. Conseguiuse en Cataluña e Euskadi e, finalmente, na Galiza.
- ▶ **Compra pública de alimentos para apoiar as producións labregas.** Na Galiza, Medio Rural activou Mercaproximidade que comeza a dar os primeiros pasos neste sentido, aínda que con limitacións.
- ▶ **Autorizar o desprazamento a hortas e currais de autoconsumo.** Conseguiamos que, de primeiras, Medio Rural o permitise a hortas e currais a menos de 500 metros do domicilio. Como a medida nos pareceu insuficiente e que non se adaptaba á realidade de Galiza, seguimos insistindo, e ampliouse radio a 5 quilómetros do domicilio. Finalmente, o BOE publicaba o 1 de maio a autorización para ir a hortas de autoconsumo no teu concello ou nun concello limítrofe sen límite de distancia.
- ▶ **Medidas de apoio fiscal**, como a exención do pago de autónomos en apoio á pequena agricultura.
- ▶ **Aplicación estrita da Lei da Cadea Alimentaria para que se paguen prezos xustos en orixe** e as industrias e distribuidoras non aproveiten a crise para especular cos prezos á baixa.

Podes ver o escrito enviado aos ministerios, coas nosas denuncias e demandas completas, ademais de ver a listaxe de apoios actualizada, en:

[Demanda Estatal COVID agro](#)

A Axencia Tributaria apraza os pagos do primeiro trimestre tarde e mal

O 24 de marzo, dende o Sindicato Labrego Galego pediamos á Axencia Tributaria o aprazamento das declaracións e liquidacións do primeiro trimestre nos sectores agrogandeiros. Un mes despois da nosa petición, o 15 de abril, o BOE publicaba un real decreto lei polo que se ampliaban os prazos. Para o Sindicato Labrego Galego, este real decreto chegou tarde, mal e arrastra.

Para empezar, mal, pois resúltanos insuficiente: nós solicitamos poder presentar as declaracións e autoliquidacións do primeiro trimestre conxuntamente coas do segundo, tendo como prazo até o 20 de xullo. Ade-



mais, tarde e arrastra, xa que a tardanza de case un mes en publicar esta decisión dende a nosa solicitude anulou os efectos positivos que pretendiamos coa ampliación.

Se queres máis información, podes consultar a [Petición Inicial](#) e as nosas [Críticas](#).

Pedimos a derogación dos novos criterios de inclusión no Réxime Agrario

O Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 24 de abril, un escrito diante da Delegación do Goberno para solicitar a derogación da modificación permanente dos novos criterios de inclusión no Sistema Especial de Traballadoras/es Agrarias/os (SETA).

Estas modificacións publicáronse no BOE e están vixentes dende o 23 de abril **sen diálogo previo coas organizacións agrarias**.

Entre outros cambios, **as granxas só poderán ter un máximo de dúas persoas empregadas se queren seguir dentro do SETA**. Até agora, podías ter dúas persoas empregadas por cada titular. As máis afectadas serán as explotacións resultantes dunha fusión, que podían contratar 2 empregad@s por cada soci@; agora, se pasan de 2 traballadoras/es, terán que pasarse ao Réxime Especial de Traballadores/as Autónom@s (RETA), que é máis caro.



Este decreto tamén **elimina o límite máximo no beneficio da explotación**, co que quedamos sen un dos poucos criterios claros para determinar a inclusión nun sistema ou noutro. Ate agora, só podías cotizar polo SETA se non superabas os 36.630 € de beneficio anual. Agora xa non importa canto gañes. Podes ter millóns de beneficios e seguir cotizando pola agraria, pero como contrates máis de dous traballadores/as, entón tes que pasarte a autónom@s. Se queres saber máis desta nova consulta [AQUÍ](#)

O SLG intermedia coa Xunta para sacar 1'5 millóns de Kg de pataca na Limia

O Sindicato Labrego Galego dirixiuse, o 30 de abril, á Consellaría de Medio Rural para facerlle entrega dunha lista de once produtores e produtoras da Limia (Xinzo, Sandiás e Vilar de Barrio) que teñen almacenados máis de 1'5 millóns de quilos de pataca sen saída comercial aos que non se lles está a ofrecer ningún tipo de apoio ou axuda. E estamos a falar só dunha parte da pataca parada.

Polo de agora, segundo datos sacados da prensa, Mercaproximidade e a compra pública por parte da Xunta deron saída a pouco máis de 300.000 Kg polo que, a pesares de ser iniciativas necesarias e positivas, están a ser insuficientes.

Por iso, ademais de artellar novas medidas para dar saída a máis pataca almacenada

Dende o SLG pedimos que a Administración artelle novas medidas para dar saída a máis pataca almacenada. A maiores, e dado que previsiblemente vai ser imposible vendela toda men-



tres siga pechada a restauración, pedimos dúas accións adicionais:

- ▶ **Axudas directas** para compensar as perdas tirando dos fondos do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR).
- ▶ **Xestión pública do procesamento e tratamento da pataca** que fiquen sen vender, xa que o seu deterioro pode causar un importante problema sanitario.

Tenera Gallega autoriza a conxelación de carne mentres dure a crise do Covid19

Outro dos sectores afectados polo estado de alarma do Covid-19 é o da carne de vacún, que perdeu unha das súas principais saídas comerciais co peche da restauración. Neste sentido, o Consello Regulador da IXP Tenreira Gallega autorizou a conxelación de carne certificada mentres duren as medidas excepcionais da emerxencia sanitaria.

Estas pezas conxeladas baixo o amparo da IXP só poderán comercializarse até finais de ano.



Para poder tomar esta medida, houbo que modificar temporalmente o prego de condicións de Tenreira Gallega.

O SLG pide medidas de apoio contra a crise do viño e critica as restricións absurdas na viticultura de autoconsumo

O Sindicato Labrego Galego pediulle á Consellaría de Medio Rural a realización dunha **campaña que promova o consumo de viños galegos no fogar**, xa que o peche da hostalería sitúa a este sector ao borde do colapso, co risco de que na vindeira vendima os almacéns sigan repletos de viño sen vender.

En segundo lugar, da mesma maneira que se debería facer con outros sectores afectados pola crise, pedimos a Medio Rural que redistribúa os fondos do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) para crear unha **liña de axudas directas** destinadas a paliar as previsibles perdas que sufrirá o sector vitivinícola, especialmente pensando en axudar á parte máis vulnerable como son as pequenas adegas e a produción de uva.

Por outra banda, o SLG fixo pública a súa disconformidade coas **restricións para poder atender os viñedos de autoconsumo**. O último decreto publi-



cado no BOE só permite traballar aquelas vides que estean no municipio onde se vive ou nun limítrofe, mentres que as normas da Xunta restrinxían a distancia a cinco quilómetros dende o domicilio.

No caso particular do viñado, pola estacionalidade dos coidados e a súa particular situación xeográfica, favorece que os titulares poidan vivir a distancias maiores e en concellos distantes, polo que estas normas demostran un descoñecemento profundo do país e da realidade rural.

O SLG pide adiar o saneamento gandeiro até superar o estado de alarma

Dende o SLG trasladámoslle a Medio Rural a nosa preocupación diante do anuncio de volver poñer en marcha o saneamento gandeiro en pleno estado de alarma polo Covid-19 e pedimos o seu adiamento até que todo se normalice.

Parécenos moi arriscado que se obrigue ao persoal veterinario a viaxar de granxa en granxa a realizar unha actividade na que decotío non é posible manter as distancias recomendadas



entre persoas, podendo facer involuntariamente de vectores de transmisión do coronavirus no rural.